

PODES DARTE DE ALTA SE...

- Tes, polo menos, 15 anos.
- Es usuario/a da biblioteca da Deputación da Coruña ou dalgunha biblioteca municipal da provincia da Coruña.
- Dispós dunha conta de correo electrónico.
- Tes un ou máis dispositivos para ler (ordenador persoal, libro electrónico, móbil, tableta...).

Solicita a inscrición na túa biblioteca ou na web

<http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com/prestamo-dixital/>

COMO PODES LER

- Se o exemplar está dispoñible, podes prestalo no momento premendo no botón de Prestar.
- Podes prestar ata 2 materiais por 21 días, e non se poden renovar.
- Cando venza o préstamo, non é preciso devolvelos, xa que desaparecerán automaticamente da túa conta.
- Podes reservar ata 2 libros simultaneamente. Cando o que reservaches estea dispoñible, recibirás unha mensaxe de correo electrónico, e tes 48 horas máximo para prestalo.
- Cada libro electrónico só admite un máximo de 5 reservas.

COMO ACCEDER UNHA VEZ INSCRITO/A

Plataforma EBOOK DICORUNA:

<http://ebook.dicoruna.es>

1. Recibirás dúas mensaxes de correo electrónico: unha informándote da túa inscrición, e outra para que introduzas o teu contrasinal e accedas.
2. Accede desde Internet no ordenador, tableta ou teléfono en <http://ebook.dicoruna.es> ou descarga a app gratuita *eBook DiCoruna* (dispoñible na Play Store e na Apple Store).
3. Podes buscar no catálogo por título, autoría, ISBN, materia...; ver as novidades, os máis prestados, reservar libros...

Plataforma ODILO TK:

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es>

1. Recibirás unha mensaxe de correo electrónico co teu usuario e contrasinal e a ligazón para acceder.
2. Accede desde internet no ordenador, tableta ou teléfono en <https://ebibliodacoruna.odilotk.es> ou descarga a app gratuita *OdiloApp* (dispoñible na Play Store e na Apple Store).
3. Podes buscar no catálogo por título, autoría, editorial, materia, ISBN, data de publicación...; ver as novidades, os máis prestados, reservar libros...

QUE SON

EBOOK DICORUNA E ODILO TK

Son as plataformas gratuítas de préstamo de libros electrónicos, películas, audiolibros e outros materiais dixitais, que a Deputación da Coruña pon en servizo para todas as persoas usuarias das bibliotecas municipais da provincia e para os da propia Biblioteca Provincial.

Podes ler desde o móbil, tableta, ordenador, libro electrónico...



Se tes dúbidas, escríbenos ao enderezo:
biblioteca.info@dacoruna.gal

Máis información:
[http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com/
prestamo-dixital/](http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com/prestamo-dixital/)
981 080 176

Le en dixital

LIBROS ELECTRÓNICOS

PLATAFORMAS GRATUÍTAS DE PRÉSTAMO
DE LIBROS ELECTRÓNICOS E CONTIDOS
DIXITAIS DA
BIBLIOTECA PROVINCIAL DA CORUÑA

EBOOK DICORUNA para préstamo de libros electrónicos.

ODILO TK para préstamo de películas, libros electrónicos, audiolibros ou pímulas educativas.



BIBLIOTECA PROVINCIAL DA CORUÑA

Riego de Agua, 37
15001 A Coruña
Teléfono 981 080 176
biblioteca.info@dacoruna.gal

